



Prevención de coxeiras en granxas con muxido robotizado

Abordamos os principais factores de risco asociados á prevalencia de coxeiras en granxas con muxido robotizado e como estas se poden previr para mitigar os efectos negativos na produción.

Fernando Díaz, DVM, PhD

Consultor leiteiro en Nutrición e Manexo
Rosecrans Dairy Consulting LLC
fernando@jracion.com

O muxido robotizado estase a volver un sistema común en granxas leiteiras. O equipo de extensionistas leiteiros da Universidade de Minnesota indicou que as tres razóns principais polas que os gandeiros adoptan esta tecnoloxía son mellorar o seu estilo de vida, diminuír a man de obra contratada e poder expandir o negocio sen necesidade de contratar máis empregados. Ademais de alimen-

tar as vacas, limpar as instalacións e realizar os traballos relacionados coa saúde e a reprodución dos animais, arrimar as vacas (que non foron muxidas voluntariamente) ao robot é unha das principais tarefas nas granxas con robots. Estímase que, de media, un 8 % das vacas deben ser arrimadas aos robots, e os empregados pasan uns 51 minutos por día e por robot arrimando vacas.

Investigadores canadenses observaron que as vacas coxas tiñan 2,2 veces máis probabilidade de ser arrimadas que as vacas que non o estaban. Usando un sistema de cualificación

de 5 puntos (1 = normal; 5 = extremadamente coxa), os investigadores King e col. (2017) compararon 353 vacas coxas (grao ≥ 3) con 865 vacas sen problemas de coxeiras (grao < 3) en 41 granxas canadenses. Como era de esperar, as vacas coxas produciron 1,6 kg/día menos e tiveron 0,3 muxidos menos por día.

Nun estudo previo levado a cabo nas mesmas leiterías, estes autores (King e col., 2016) avaliaron os factores de risco no rabaño que estaban asociados coa prevalencia de coxeiras. Os investigadores obtiveron datos de produción de leite de todas as vacas de cada granxa e cualificaron a locomoción de 30 vacas por granxa usando o sistema de 5 puntos. A prevalencia media de vacas con coxeiras clínicas e extremadamente coxas foi do 26 % e do 2,2 %, respectivamente. En resumo, estes foron os factores máis importantes que lles afectaban ás coxeiras:


- **Frecuencia de limpeza:** cada dous pases extra de raspado dos corredores por día, a prevalencia de coxeiras clínicas diminuíu en 1,2 puntos porcentuais (p.p.).
- **Densidade de poboación:** cada 10 p.p. de incremento na densidade de poboación sobre a media (88,6 %) estivo asociado con 0,5 p.p. de incremento nas coxeiras graves.
- **Cubículos:** cada 5 cm de incremento na altura do bordo sobre a media (20,9 cm) foi asociado cun aumento nun punto porcentual na aparición de coxeiras graves.

Noutro estudo similar, Westin e col. (2016) avaliaron 36 granxas (rango 42-495 vacas) no Canadá (29) e Michigan (7). Para identificar as vacas coxas, todas foron gravadas con videocámaras mentres camiñaban polos corredores de alimentación despois de que fosen liberadas das cornadizas.

► ESTÍMASE QUE, DE MEDIA, UN 8 % DAS VACAS DEBEN SER ARRIMADAS AOS ROBOTS E OS EMPREGADOS PASAN UNS 51 MINUTOS/DÍA/ROBOT ARRIMANDO VACAS



Porcentaxe de vacas con coxeiras clínicas e extremadamente coxas



Fonte: King e col. (2016)

Estes foron os principais resultados:

- A prevalencia media de laminite foi de 15 % (rango 2,5 a 46 %). Os autores encontraron lesións nas articulacións do xeonllo e do xarrete nun 27,1 % e 30,8 % das vacas, respectivamente.
- A inadecuada anchura dos cubículos foi o principal factor de risco de coxeiras, incrementando a probabilidade destas 3,7 e 4,5 veces en vacas primíparas e multíparas, respectivamente.
- Un corredor de alimentación estreito (< 430 cm) foi asociado cun maior risco de coxeiras (1,9 veces).
- A obstrución da fronte do cubículo incrementou a probabilidade de coxeiras (1,7).
- Encamar con area diminuíu o risco de coxeiras (0,63).

En conclusión, para prever a prevalencia de coxeiras deberíaselles poñer máis atención ás dimensións dos cubículos e á limpeza dos corredores.

Ademais, estes investigadores avaliaron o tempo de descanso e a súa relación coas coxeiras. O tempo de descanso foi avaliado durante 4 días mediante o uso de acelerómetros colocados nunha pata posterior do animal. As vacas pasaron 11,4 horas/día tombadas, cunha frecuencia de 9,5 descansos ao día e unha duración de 71 minutos por descanso. As vacas coxas descansaban 0,6 horas máis ao día. Así mesmo, unha análise multivariable predixiu que unha vaca coxa, en xeral, tería 9,3 descansos por día cunha duración media de 78 minutos por descanso, mentres que unha vaca sen coxeira se tomaría 9,9 veces cunha media de 71 minutos por descanso. Estes resultados suxiren que usar o tempo de descanso como o único parámetro para avaliar coxeiras non é recomendable. ■